

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 30 de marzo de 2023, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

VENETOCLAX

En combinación con azacitidina para o tratamento de pacientes adultos con leucemia mieloide aguda (LMA) de novo diagnóstico que non son candidatos a recibir quimioterapia intensiva e ECOG ≤ 2 ⁽¹⁾.

Cos datos actualmente dispoñibles sobre a eficacia de Venetoclax, débese valorar a existencia doutras alternativas de tratamento nas situacións seguintes:

- Pacientes con LMA de estirpe monocitaria.
- Pacientes con LMA e mutacións de p53.
- Pacientes que progresasen durante o tratamento con hipometilantes.

⁽¹⁾ECOG ≤ 2 , excepto aqueles pacientes nos que o ECOG >1 estea claramente relacionado coa enfermidade de base.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital)

Xerentes das Áreas Sanitaria do Servizo Galego de Saúde